

Nota de prensa

Nova causa solidaria do seu programa Céntimos Solidarios

EROSKI COLABORA NA LOITA CONTRA O CANCRO INFANTIL E O APOIO ÁS FAMILIAS

- Colabora a prol da Federación Española de Pais con Nenos con Cancro (FEPNC) para que poidan reforzar as súas actividades na loita contra o cancro infantil
- *Céntimos Solidarios* é o programa permanente de EROSKI co que os seus clientes poden realizar doazóns a diferentes causas sociais elixidas tras unha escoita a máis de 3.500 Socios-Cliente

Elorrio, 4 de febreiro do 2021.- [EROSKI](#) puxo en marcha, no marco do seu programa *Céntimos Solidarios*, unha nova causa de colaboración solidaria para axudar na loita contra o cancro infantil e no apoio ás súas familias en colaboración coa [Federación Española de Pais con Nenos con Cancro \(FEPNC\)](#). Esta campaña, que se estenderá ata o 24 de febreiro, ten o obxectivo de axudar a máis de 7.000 menores con cancro e as familias afectadas que se integran nas diferentes asociacións locais que compoñen a FEPNC. Con este apoio, as organizacións poderán reforzar as súas actividades para chegaren a máis familias e que os seus servizos sexan máis estables e permanentes.

*"En España cada ano detéctanse 1.100 novos casos de cancro en menores de ata 14 anos e arredor de 400 novos casos entre 14 e 18 anos. A chegada da COVID-19 está a facer que moitos menores vexan retardado o seu diagnóstico como consecuencia dos reaxustes do sistema sanitario e que as familias non poidan recibir todo o apoio que precisan. En EROSKI colaboramos dende hai anos coas asociacións de pais e nais de nenos e nenas con cancro máis próximas, e por iso quixemos tamén axudar a canalizar a solidariedade dos nosos clientes con esta causa. A través do programa *Céntimos Solidarios* apoiamos a FEPNC, para que a axuda chegue ata as asociacións máis locais e rexionais que a integran e para que poida ampliar e reforzar a axuda aos menores e ás súas familias de maneira directa",* explicou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

"O tratamento nestes casos adoita ser un proceso agresivo que comporta momentos difíciles para os nenos/as e para as súas familias. Por iso cómpre

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

desenvolver accións dirixidas a minimizar as alteracións emocionais e a interrupción do axeitado desenvolvemento do neno enfermo. Contar co apoio de EROSKI e de todos os seus clientes é vital para seguir realizando un labor fundamental neste eido con programas desenvolvidos por equipos multidisciplinares (psicólogos, traballadores sociais, voluntarios) en colaboración co equipo médico asistencial dos hospitais", comentou Juan Antonio Roca, Presidente da Federación Española de Pais de Nenos con Cancro.

Céntimos Solidarios, apoio a diferentes causas sociais

EROSKI estreou o seu programa permanente *Céntimos Solidarios* o 5 de novembro e destinoulles os máis de 840.000 euros recadados ata agora aos Bancos de Alimentos, para lles proporcionar produtos de alimentación ás familias en situación de vulnerabilidade, e a UNICEF, Médicos Sen Fronteiras e ACNUR, para axudar á vacinación infantil en países en vías de desenvolvemento.

Os clientes de EROSKI poden facer unha pequena doazón á causa benéfica que estea en marcha en cada momento ao pagaren a súa compra con tarxeta ou móbil. A achega, sempre voluntaria e confidencial, é unha pequena cantidade simbólica de 10 céntimos para compras entre 5 e 30 euros, e de 20 céntimos para compras superiores a 30 euros.

As organizacións solidarias receptoras destas axudas van cambiando periodicamente e a súa elección responde ás necesidades sociais existentes en cada momento e ás preocupacións transmitidas por máis de 3.500 Socios-Cliente. Entre elas, haberá ao longo do 2021 entidades que traballen a prol da infancia, das persoas en risco de exclusión social, da loita contra o cancro, das persoas con minusvalidez ou con enfermidades raras, e do medio natural.

"O programa Céntimos Solidarios é unha ferramenta moi eficaz para que os nosos clientes poidan canalizar de xeito sinxelo o seu compromiso coas distintas causas sociais. É un programa permanente a través do cal apoiaremos a distintas entidades, de distintos eidos, sempre co denominador común de axudar aos colectivos máis necesitados", sinalou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI.

Dende os seus comezos, EROSKI leva a cabo múltiples iniciativas de acción social, principalmente relacionadas coa promoción dos hábitos de vida saudables, a formación ao consumidor, a defensa do medio natural e a solidariedade. No 2020, EROSKI doou máis de 7 millóns de euros en alimentos, produtos de necesidade básica ou achegas económicas a distintas entidades sociais, nun ano marcado pola crise social xerada pola COVID-19.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

Sobre a Federación Española de Pais de Nenos con Cancro (FEPNC)

As 22 asociacións que integran a Federación Española de Pais de Nenos con Cancro (FEPNC), repartidas por todo o país, traballan dende o mesmo momento do diagnóstico cun equipo de profesionais que lles ofrece apoio ás nais e pais e mais aos menores afectados. A nivel psicolóxico, grazas ás sesións terapéuticas individuais ou en grupo, trabállase para que as familias afectadas polo cancro infantil poidan afrontar os cambios que se van producir na súa vida durante o tratamento e en todas as fases da enfermidade, mesmo no do. A nivel social, informando e axudando sobre as diferentes prestacións existentes, realizando os trámites necesarios, xestionando o empréstimo de material ortoprotésico, etc. A nivel educativo, dando apoio extraescolar a domicilio e nas asociacións, e mais no hospital cando é preciso.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)